

Orde do 2 de xuño de 2009 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Vista a proposta do director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, en conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

RESOLVO:

Primeiro.-Integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia os centros bibliotecarios relacionados no anexo, comezando pola Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro (Arzúa, A Coruña) e rematando pola Biblioteca Municipal Os Rosais (A Coruña).

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumprirse este prazo, deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO

Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro (Arzúa, A Coruña).

Biblioteca Pública Municipal de Portomarín (Lugo).

Biblioteca Pública Municipal de Carballedo (Lugo).

Biblioteca da Fundación Luís Tilve (Santiago de Compostela, A Coruña).

Biblioteca Pública de Salceda de Caselas (Pontevedra).

Biblioteca Municipal Os Rosais (A Coruña).

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

En virtude destas facultades, na nosa comunidade autónoma, e ao coincidir con domingo, o 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia, e o 15 de agosto, a Asunción, facendo uso da posibilidade establecida no artigo 45.3º do Real decreto 2001/1983, optouse pola súa substitución polos días 17 de maio, Día das Letras Galegas, e 19 de marzo, día de San Xosé, que pola súa significación xa foron implantadas como festas laborais noutras ocasións, seguindo, deste xeito, o criterio de festas laborais para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non se producir modificación no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 serán as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
19 de marzo	San Xosé
1 de abril	Xoves Santo
2 de abril	Venres Santo

1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

As festas mencionadas terán carácter retribuído e non recuperable.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas nos artigos precedentes terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil dez.

Santiago de Compostela, dous de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 7 de xullo de 2009 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2009 polo Consello Reitor, de conformi-

dade co artigo 6.2º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

RESOLVO:

Convocar os cursos de formación para persoal ao servizo das entidades locais de Galicia correspondentes ao segundo semestre do ano 2009, cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2009.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO I

Bases:

Primeira.-Requisitos dos participantes.

Poderán participar nas accións formativas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración local de Galicia que se atopan en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos casos no anexo II. No caso dos funcionarios con habilitación de carácter estatal a situación de expectativa de destino equipararase para estes efectos á de servizo activo, pero terán preferencia os funcionarios que se atopen nesta última situación fronte aos primeiros.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal, quedará automaticamente excluída da listaxe de persoal seleccionado.

Segunda.-Actividades de formación.

Os cursos realizaranse cos requirimentos, duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada e ampliada na páxina web da EGAP <<http://egap.xunta.es>>.

A participación nos cursos que teñan lugar en horario de traballo quedará condicionada á autorización das persoas responsables dos respectivos centros directivos.

Terceira.-Solicitudes.

a) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP <<http://egap.xunta.es>>, non serán admisibles outras formas de solicitude. Faise recomendable facilitar conta de correo electrónico e teléfono móbil para enviar mensaxes aos candidatos.

b) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, non se axusten ao formulario de solicitude oficialmente establecido no punto anterior ou sexan presentadas fóra de prazo.